

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2019 pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Malpica e Barizo.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria da entidade pública empresarial Portos de Galicia redactou e tramitou o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) dos portos de Malpica e Barizo, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Malpica de Bergantiños, da provincia da Coruña, e adscritas á entidade pública para a súa xestión.

Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), e axústase ao disposto nos artigos 52 e 53 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 236, do 14 de decembro), tal como establece a disposición transitoria quinta da antedita lei autonómica.

Na reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia celebrada o día 31 de xaneiro de 2019, este acordou dar a súa conformidade á proposta de DEUP dos portos de Malpica e Barizo, así como elevala e propoñela para a súa aprobación a través da Consellería do Mar.

Unha vez visto o informe sobre o trámite da proposta de DEUP elaborado pola xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia do 28.1.2018, que conta coa conformidade do director da entidade pública empresarial, así como o acordo do Consello Reitor de Portos de Galicia do 31.1.2019 dando a conformidade á proposta da DEUP dos portos de Malpica e Barizo e elevándoa e propoñéndoa para a súa aprobación, a Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Malpica e Barizo (Malpica de Bergantiños, A Coruña), na súa última versión asinada en



decembro de 2017 pola enxeñeira civil Belinda Yepes Jiménez, como autora, e polos enxeñeiros de camiños, canais e portos da entidade pública empresarial Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2019

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: 1zzf11o7-muo3-ry87-e957-uhcf7ny6k1v6

